

A NOSA TERRA

BOLETIN DECENAL

Idearium da Irmandade da Fala en Galicia e nas colonias galegas d'América e Portugal

PREZOS DE SUSCRIZÓN

Na Cruña, ó mes, 40 cts.
Coste d'un número 10 »

Fora, trimestre, 1'50 pts.
América, Id. 2 »


Pagos adelantados

Redacción e Administración: PASEIO MÉNDEZ NÚÑEZ (Irmandade da Fala)

Número 60

A CRUÑA 10 DE XULIO DE 1918

OS DERRADEIROS CEGOS E XORDOS, por Castelao



O CEGO.—¿Qué é iso que ven por ehi?
O XORDO.—Non oyo nada.

PÁXINA ESCOLLEITA

A MORTE DO DELFIN

por ALFONSO DAUDET

O Delfiniño háchase malado, o pequeno Delfin finase. En todas as irexas do reino o Sacramento permanece eisposto noite e día, e grandes cirios latexan alcesos pr'a curación do real malado. As rúas da antiga residencia amóstranse tristes e silenzosas, as campás non soan xa, os coches camiñan mainamente, e nos arredores do pazo os veciños curiosos axexan por antre as reixas hacia o interior dos patios onde os suizos parolan con ar tristeiro.

Todo o castelo háchase acoitado; chambeláns e maiordomos suben e baixan á estrada os escalóns de mármore. As solainas rebosan de paxes e cortesáns vestidos de seda, que van de corriño en corriño esculcando en baixa voz as derradeiras novas. Nos amplos corredores, as damas d'honore, acoradas, fanse graves reverenzas, enxugándose os ollos con lindos panos bordados.

No Naraxal efectúanse numerosas consultas de médicos togados. A través dos vidros ólase como axigantan as súas anchas mangas mouras, como incrinan doutoralmente as súas descomunes pelucas. O aio e o cabaleirizo do Delfiniño paséanse por diante da porta, agardando as decisións da facultade. Os marmitóns pasan á súa beira sin saudalos. O cabaleirizo arrenega como un pagano, o aio recita versos d'Horacio. E á vez, pola beira das cabaleirizas, escóitase un longo e laiador relincho. O alazán do Delfiniño, o alazán esquecido dos palafreiros, que chama tristemente ó pe do seu pe sobre valciro. ¿E o rei? ¿Qu' é de S. M. o rei? O rei, completamente soio, pechouse n-un cuarto, ó eistremo do castelo. ¡As maxestades non gustan de qu'as ollen chorar!

CADRO BRANCO

Morera e Galicia, o deputado e poeta catalán, lembrándose da pobreza do fogar das fillas de Rosalía Castro, iniciou unha proposición de lei pídindo ó Estado unha pensión pra elas.

A ver si agora resulta que Rosalía estaba vendida ó ouro catalán.

Porque o ouro galego e o ouro de Riestra non brillaron nunca pra honrar ós nosos poetas.

Si non fose pol-o ouro «americano», antes, e agora pol-o catalán...

Respeito á rainha, a cousa e difrente: sentada ó testeiro do Delfiniño, coa fermosa faciana bañada de bágoas, salouca a berros en presenza de todos, como o faría unha verdureira.

No seu pequeno leito d'encaixes, máis branco qu'os almohadóns en que s'hacha eistendido, o Delfiniño acouga cós ollos pechados. Semella que durme; máis non; o Delfiniño non durme. Tórnase hacia a súa nai, e ó fitala chorar, dícelle: «Señora rainha, ¿por qué chora a súa maxestade? ¿Tamén cré como os demais que vou a fináreme?» A rainha quer respondere, os saloucos afogan as súas verbes.

«Non chore, pois, señora rainha. Esquece a súa maxestade qu'eu son o Delfin, e qu'os Delfíns non poden morrer d'iste xeito... A rainha salouca con máis forza, e o Delfiniño escomeza a ter medo. «¡Hola—dí—non quero qu'a morte veña a levarme, i-eu saberé impedir que chegue até eiquí... Qu'agora mesmo veñan corenta dos máis barudos lansquetes pra montala guardia arredor do noso leito... Que cen cañóns de grosso calibre velen noite e día, coa mecha acesa, ó pe das nosas fenestras. E di-graciada da morte si ten o afoutamento d'achegárese a nosoutros!...»

Por compracere ó real malado, a rainha fai unha seña. Ó instante óuzase ruído de grosos cañóns arrastrados no patio, e corenta dos máis barudos lansquetes, coa

~~~~~

Farán máis pol-o trunfo do galeguismo unha novela notable escrita en galego, un obra de teatro xenial feita no noso idioma e unha composición de música, capaces de impoñerse máis aló das nosas fronteiras, que varias estradas, varios camiños viciñás ou unha granxa agrícola.

Todol-os progresos materiás non farán nada pol-a persoalidade galega. O importante é que Galicia conquira seu espírito propio. Entoncez todol-os galegos, espiritualmente ridimidos, traballarán arreo por unha Galicia grande. Somenté eisí o traballo colonizado trocarase en traballo patriótico.

O idealismo enxebre foi a forza creadora d'Alemania e de Cataluña.

~~~~~

partesana no puño, veñen a colocárense arredor do cuarto. Son veteranos de bigotes grises. O Delfiniño ó fitalos escomeza a palmoatear. Conece a un, e chámalo: «¡Lorraín! ¡Lorraín!» O veterano avanta un paso hacia o pequeno leito. «Quérote moito, meu vello Lorraín... Amostra un anaco do teu enorme sabre... Si a morte quer levarme, haberá que matala... ¿non é eisí?» Lorraín responde:

—«Si, monseñor...»—e dúas pingotas de pranto corren pol-as súas curtidas meixelas.

N-iste momento o capellán arrechégase ó Delfiniño e fálalle moito en voz baixa, amotrándolle un crucifixo. O Delfiniño escóitao con ar d'abraiamento, e de súpeto interrúmpo:

—«Non comprendo ben o que vostede me dí, señor abade; mais, en fin, ¿meu amigo Beppo non podería morrerse no meu lugar pagándolle moito diñeiro?» O capellán sigue falándolle en voz baixa, e o Delfiniño ten un ar mais abraiado.

Cando o capellán rematóu, o Delfiniño prosigue, donando un fondo salaio:

—«Todo o que vostede acaba de decirme e moi triste, señor abade; máis unha cousa consólame: enriba, no paraíso das estrelas, vou a sere aínda o Delfin. Sei que Deus é meu curmán, e tratárame según a miña xerarquia.» Despois agrega tornándose á súa nai:—«Que me trayan os meus vestidos máis fermosos, o meu xubón d'armifio branco e ós meus escarpíns de terciopelo. Quero adornarme como rei pr'ós anxes e entrar no ceio con vestido de Delfin.»

Por terceira vez o capellán incrinase hacia o Delfiniño e fálalle moito en voz baixa... Ó mellor do discurso o nenho real interrúmpo con rabia:—«¿Pois estonces—berra, non é nada sere Delfin?» E sin querer ouvir máis, o Delfiniño vóltase para a parede e chora acedamente.

CADRO MOURO

Besada chámase admirador de Said Armesto. Besada fixo un traballo, cheio de parvadas sobre Rosalía. Traballo no que o pouco que hai axeitado débesele a Said Armesto.

Emporiso, nin prás fillas de Rosalía nin pr'a viuda de Said Armesto—que s'atopa na probeza—lembrouse endexamáis de pídire unha pensión.

Date pote, pois, Seoaniño.

OS NOSOS PROBLEMAS

VERBAS SINXELAS

A redención de Galicia. Galicia pra os gallegos. Velahí, en síntesis, o que nós queremos. A labore nosa terá de s'inspirare a cotio na felicidade dos fillos da terra: de todol-os fillos, sin diferencias de partidos nin crases. Porqu'a resolución dos nosos problemas económicos e políticos, ó final, traerá como consecuencia o mais amplo desenvolvemento da liberdade colectiva.

Ollade, un pouco, pra historia. Houbo escravos, houbo servos, e houbo vilanos. E, contra de total-as tiranías, abolíronse a escravitude e a servidume. Desparecéu o poderío dos señores feudales. A Revolución francesa fixóu os dreitos do home e o seu lema de Liberdade, Igualdade e Fraternidade é o lema de todos e cada un dos Estados civilizados do mundo.

Dendesd'aquela atopáronse fixados e conquistados os dreitos individuais..

Creóuse a concencia de qu'a muller ten de poseere os mesmos dreitos do home— xa dixo Kant que somentes xuntos home e muller forman o ser humano completo— e surxiu, contra de total-as tiranías, o problema feminista.

Dendesd'entonces atópase pranteado o feminismo e resolto xa n'algúns pobos.

Agora, por virtú da guerra europea, aparece a concencia da liberdade colectiva, da liberdade das nacionalidades viventes que s'atopaban asoballadas, e, contra de total-as tiranías, a Revolución rusa pon ant'o mundo iste novo problema libertadore. Siberia, Finlandia, Lituania, Polonia, Curlandia, Ucrania, Besarabia, nazóns esquencidas no vivire do zarismo, surxen ó presente ó novo día d'unha nova liberdade. E os maximalistas puxeron, como condición de paz, a independencia d'Armenia na Turquía. E Irlanda sigue loitando. E o Goberno inglés, sin que llo pidan, fala de concedere a autonomía a Gales y-a Escocia.

Dendesd'iste día atópase pranteado o problema da liberdade das nazóns naturaes.

E ise é o noso problema: un problema de liberdade colectiva, o problema do goberno propio. Non faguemos outra cousa que poñernos d'acordo co resto do mundo. E non queremos outra cousa qu'amostre a plenitude das nosas características, pra que se nos reconozca nazón natural, e, como tal, con dreito á autonomía. Ehí tedes, en síntesis, o noso programa.

Faguemos nosas as concusións económicas e políticas das Asambleias agrarias de Monforte e Ribadavia; noso o programa do directorio antiforal de Teis; nosas as arelas

d'a antiga Solidaridade, e tamén nosas as concusións d'Asamblea de parlamentarios. Ehí tedes, xa mais concreto, o ideal que nos moverá.

Non queremos rifar con ninguén. Endexamais sairá un insulto dos nosos beizos, pra quenes nos respeten. Pro falaremos con ausoluta craridade, e si nos insultan, tamén amostremos qu'o sabemos faguere.

Pr'a obra de concordia que vimos facendo, chamamos a todos, que todos poden atopare un posto d'honore nas nosas filas. O que traiga algún egoísmo personal, que

Aldraxes á nosa cultura

«El Debate», de Madrid, sigue co'a idea de faguer a semana rexonalista en Santiago de Compostela.

Unha semana, na que tomarán parte xentes non galegas, principalmente.

Unha semana recreamo pra aquel xornal, c'o engado do rexonalismo.

Como si fosemos unha colonia. Porque za que «El Debate» non s'atreve a organizar semanais d'esas nin en Cataluña nin en Basconia?

Unha semana pra... «gallegos.»

Como outra semana pra «gallegos» é tamén a semana agrícola que en Santiago vai faguerse axiña. N'esta semana intervirán sete señores. D'eles só dous son galegos.

E si esto non e tomárenos por senegaleses ou habitantes do Congo, veña Deus e véxao.

Eses xornas que erqueron o seu berro, por orde dos caciques contra dos catalás, ¿por qué non peitan agora contra os colonizadores do «Debate» e os da semana agrícola?

se quede na súa casa, qu'entre nosco non atopará motivos de satisfacelo.

E... nada mais. Respeito ó idioma, sería cousa de se rir, eisaltare unha personalidade muda, falando unha lingua estrana, com'os loros ou os gramófonos. E gracias a Deus temos unha lingua nosa e con ela, xuntad'a castelana, a nosa cultura pode sere bilateral: qu'hai trinta millós d'homens no mundo que falan o galego e súa ánema pode consubstanciarse coa nosa, donándonos unha riqueza espiritual como a de ningún pobo da terra.

A nacionalidade é un ambiente moral, e non hai ambiente sin ambiente: costumes, leises, língoa, dreito. Porque a língoa non é nai, senon filla, filla d'un ánema, d'un es-

prito. E sin esprito non hai nada: ao mais uns límites xeográficos, un anaco de terra e uns homes rumiando n'esa terra.

XAIME QUINTANILLA.

Novas da causa

SÓN moitas as donas e doniñas que veñen pidindo acollida nas listas da seición feminina da «Irmandade da Fala» da Cruña.

**

Acordouse faguer unha gran festa da música galega no Teatro Rosalía Castro da Cruña.

N'ela colaborarán señoritas lideristas, compositores musicas, e outros elementos moi gabados na arte lírica.

**

Tamén se prepara a festa de arte teatral galego-portugués, na que estrenarase unha obra do dramaturgo luso «Carlos Selvaje» e outra do noso poeta Cabanillas.

Castelao e Camilo Díaz, pintarán as decoraciós.

**

Lois Porteiro Garea, rematóu un folleto de propaganda galeguista adicado ós galegos d'América, que vense imprentando pra espallalo moito

E un folleto cristaffio, sinxelo, que terá de lérese moito e de sere moi loubado.

**

As «Irmandades da Fala» de Monforte, Santiago e Betanzos, xa chegaron á aprobación do novo regramento xeneral que lles donará unidade a total-as de Galicia e que será base das grandes Asambleias galeguistas anuaes.

**

A bandeira da «Irmandade da Fala» da Cruña, xa está encargada conforme ó famoso deseño do notabre pintor Camilo Díaz.

Outras «Irmandades» tamén encargaron as súas.

Advertencia

Cantos reciban este número d'A NOSA TERRA e non o devolvan á nosa Administración, terémolos por suscritores.

Isto, naturalmente, non reza para nada c'os que xa veñen recibindo o noso boletín.

A NOSA TERRA cada vez conta con máis lectores. Por riba de cinco mil lén oxe este culto e rexo orgo do galeguismo e das «Irmandades da Fala», no que colaboran todol-os escritores da nosa patria natural que teñen posto o sentimento e o pensamento de seu no rexurdire da enxebreza que levará axiña a Galicia á súa redenzón.

As follas d'A NOSA TERRA terán de sere follas históricas. E deben coleucionárense por cantos recibannas.

Nosos fillos leránnas con orgulo. Axíña n'elas publicaremos en folletín escolleitos contos portugueses dos mestres da literatura irmá.

NO MARXEN DA LOITA

O camiño do pacifismo

DISCUTIÁNSE ós comezos da bárbara loita mundial, qu'hoxe acosa ó mundo, os fins da mesma. As opinións achábanse algún tanto desorientadas. Coidaban unhos que móbiles mercantilistas orixinaran a contenda; supoñían outros qu'un afán de tiranía e d'imposición brutal sóbor dos pobos era a causa da mesma. Ninguén mostrábase d'acordo. A diversidade dos pareceres máis opostos e contradictorios era o único que sobersalía do cúmulo d'opinións emitidas nos países neutrales. Máis hoxe, cando xa o carto aniversario de guerra háchase enriba de nosoutros, aquelas opinións tan difrentes e opostas foron pousando. Por riba de todo o que dende un comezo puido pensárese, o sereamento das pasións trouxo ós axitados azos dos espeutadores a firme convicción de qu'hoxe pol-o que se loita e pol-a imposición do principio das nazonalidades naturaes.

Como probas demostrativas da verdade d'iste aserto puidéramos citar moitas. Sin revolver en demasía e atendendo tan soio ó feito ruso ¿qué outra cousa é o caos d'aquel país, sinón o forte remexerse das augas desbordadas, buscando cada unha o seu canle máis axeitado? Unhas e outras, as nazonalidades todas qu'o finado imperio ruso asoballaba, amóstranse axitadas, en prena

confusión; máis ista confusión é o desorde febril con que, trais d'unha liberazón non agardada, cada nazonalidade procura fixar en definitiva os seus lindeiros, pra logo dare comenzo ó desarrollo natural da súa vida. A guerra, ista guerra cruel da que tantos arrenegan xustamente, foi ela soia a única causa capaz de destaborare a bárbara unidade do imperio ruso. Ós sanguentos refrexos da lumeirada bélica prantéase en Austria o problema das súas nazonalidades e iste problema, tarde máis ou menos, terá de sere resolto. A mesma custión balcánica deixará de sere, unha vez a paz firmada, sementeira de loitas e fera ameaza antipacifista, pra convertírese n-un preito resolto a base da integrazón e restaurazón de todas as nazonalidades qu'constituen a peninsua aludida.

E de supôr—sin que sexa nada aventurado o soster tal crénza—qu'o futuro congreso das nazóns deixe resolto, d'unha vez pra sempre, o problema das nazonalidades europeas. O criterio wilsoniano, craramente fixado en todol-os seus ditos i en todol-os seus esqurtos, dona forza á suposición. A reintegrazón de cada pobo ás súas fronteiras naturaes, e a compretada e prena liberazón dos que de cote viñeron vivindo na tiranía e no asoballamento, serán os meios máis seguros e comenentes pr'ó establecemento da paz definitiva que todos arelamos. Eles, pois, a bon seguro, terán de sere os pirmeiros e máis indispensabres requisitos pra a futura paz.

Y-eisi, d'iste xeito, cando en ningures poida eiscotárese a voz d'un pobo demandando xustiza en contra de criminaes opresións alleas, será cando o reinado de paz, da verdadeira paz, s'hache imprantado. Entramentras qu'isto non suceda é unha parvada pensar qu'as guerras poidan rematárense. Soio con unha xustiza grande e con un gran senso igualitarista poderase abranguer o vencimento do Marte sanguinario e criminal. Amos principios, o da xustiza grande e o do forte senso igualitarista, háchense contidos no principio das nazonalidades naturaes. Respetando, pois, iste principio, non desatendéndoo endexamáis, é do único xeito que se chegará algún día á solución pacífica de todol-os conflictos mundiales.

C. B. P.

CONTO

O cazador cazado... na trola

XAN Mosteiro era o home mais troleiro e lacazán que había en moitas leguas á redonda. Ninguén lle ganaba posto a ceibar andrómenas. A súa inagotable fantasía achábase de cote en funcións, sementando alpurnadas i-algueireos. Era home xenial i-espabilado cal un raposo, e na taberna do tío Mingos de Pontellas, tiña establecido o campo d'espallamento das súas verbaleiras fazañas.

Unha tarde discutíase sóbor de caza. Sostiñan os habituales concurrentes á taberna—verdadero centro de xuntanza d'aldeia—cada un os seus puntos de vista sóbor do particular. O viño consumido en grandes cantidades era como o estimulante que ceibaba as linguas, faguendoas moverse incessantemente Xan, o alpurneiro Xan, ouvía e calaba. Tratábase d'unha cuestión allea por compretado a él, cal a da caza, na que non podía intervire por ser profano. A parola animábase, i-as apostas e as verbes, cada vez mais óutas e rotundas, amostraban ben ás craras a forza progresiva das libazóns incesantes. Xan, influenciado pol-o exemplo dos demais, e sentindo dentro de sí os efectos do algueireiro mosto, escomezou a tomar parte na conversa. Os compañeiros conectando a súa falla ausoluta de pericia na materia que se discutía, non faguían caso das súas verbes, ou si llo faguían era pra rírse d'elas. E isto, craro é, como non podía fuxírselle a home tan avisado e desperto cal o noso Xan, producía n-él efectos desastrosos e arelas de confundilos con unha fazaña súa. Despóis de dare voltas e mais voltas ó seu maxín, esculcando n-él pra atopar un remedio que, como de cote, o fixere ficar por riba dos mais, puido abranguer

Efemérides galegas

JULIO

Día 1

1824. Nace en Vigo o grande Mendes Nuñes.

Día 2

1658. O Capitán general de Galicia, Marqués de Viana, recibe ordes do Rey para axuntar exército e invadir Portugal.

Día 3

1810. Supresión da fábrica de fusís de Jubia.

Día 4

1250. O Rey Fernando o Santo, falla o preito que a cidade de Tuy sostuvo c'o bispo D. Lucas, condenando os veciños.

Día 5

1843. O Ferrol é declarado en estado de guerra por bloquea-lo a columna expedicionaria mandada pol-a Junta de Goberno da Cruña.

Día 6

1801. Combate naval de Algeciras, presentado á escuadra ingresa pol-o general Mourelle.

Día 7

1620. Os célebres marinos os Nodolos entran triunfalmente no porto de San Lúcar de Barrameda, de volta da sonada expedición ao estreito de Magalhaes.

Día 8

1892. Real orden aprobando o proxecto do embarcadeiro de Bayona.

Día 9

1793. Nace no Ferrol o general da Armada D. Juan Sotelo.

Día 10

1857. Morre na Cruña o ilustre escritor e poeta, fillo da mesma cidade, don José Puente e Brañas.

guer o fin perseguido, i-erguéndose do seu asento e revestíndose de certa solemnidade churrusqueira, afirmou resoltamente qu'él, qu'endexamáis fora cazador, podería amostrear n-aquel mesmo serán como sabía tan ben como o primeiro cobrar unha peza cando eisí o desexare...

Xan tiña coñecimento de que na casa d'un tío de seu, home de moitos cartos e que moito lle quería, gardábase dentro d'unha xaula unha lebre que collida fora por un dos seus criados. Xan, nin corto nin preguizoso, encamiñouse á casa do seu tío e aproveitando a grande confianza que n-aquela casa tiña, foi á xaula onde a lebre gardábase, colleuna, amarroulle ben as patas e saíu, sin despedirse de ninguén, car'á súa casa. Xa n-ela, amarróu ben a lebre a unha alvres pol-as patas traseiras, colléu a escopeta do seu pai, e pondo n-ela un cartucho apuntóu, fixo fogo e... ¡zás!... o groso dos perdigóns foron a dar na corda qu'amarraba a lebre pol-as patas traseiras á alvres, cortándoa e pondo en liberdade ó animalíño que, asustado e ollándose ceibe, fuxéu como alma que leva o demo, deixando sumido ó noso Xan na mais negra das desesperazóns e no ridículo mais espantoso diante dos seus contéxulos da taberna.

PEDRO DE FORMIGO.

FOLLAS NOVAS

(CRÍTICA DE LIBROS)

TOLERÍAS

Pasatempo n'un acto, de L. Carré

DECIDIDAMENTE, o teatro galego conta antr'os seus escasos cultivadores con un máis. Leandro Carré non é pr'ós nosos leutores un desconecido nin moito menos. Nas columnas de A NOSA TERRA, d'abondo teu amostrado o seu valimento literario. Recente está aínda o seu trunfo escénico coa obríña «Pra vivir ben de casados» qu'ocoro «Cántigas da Terra» estrenara n-unha das brillantes festas súas. Pois ben, cando aínda non s'hacha esmorecido o éisito d'aquela xornada, Carré volve a ofrecernos un novo froito do seu inxenio có pasatempo n-un acto i-en prosa, *Tolerías*, qu'agora acaba de saíre do prelo.

Trátase d'unha obríña, a xeito d'ensaio, na que Carré ofrece cumpridas mostradas suas aitudes pr'ó arte teatral, sendo ó mesmo tempo como promesa de maiores e máis outos empeños. Porqu'é indubidabre—i-eisí crémolo firmemente nós—qu'en Leandro Carré hai madeira de dramaturgo. Os seus primeiros pasos non din outra cousa; son garantía firmísima do noso aserto. Mais é preciso que n-estes primeiros momentos de

proba, as verbes d'alento d'fan folgos ó novel esquirtor, soando nos seus ouvidos como estimulante que acucia o ánimo do incipiente dramaturgo a levar a remate empresas máis outas e máis fortes tarefas.

Non necesita o autore de *Tolerías* recurrir a procedimentos eistremos nin a forzaduras do inxenio pra sostel-o intrés da súa producción. Abóndalle con seguilo camiño natural qu'o maxín creadore vaille trazando. E iste pra nós é un dos méritos máis gran-

des qu'atopamos en Carré, sin que por iso díamos a esquecemento o seu linguaxe limpo, ateigado de sinxeleza, e o humorismo fácil que brillantemente destaca nas súas obras.

Chegue pois ó autore da obríña que lixeiramente deixamos comentada, xuntamente coa nosa máis cordial embora, o prego sinceiro de que siga pol-o camiño emprendido, coa seguridade de que, obrando eisí, tamén se contribuíe grandemente a faguer patria.

PRA SENTIRE

Esencias do idearium galeguista

O espírito galego esmorecese, con esmorecemento multiseccular, nos tempos quinientistas. ¡Cando Portugal conquiere as súas glorias mariñas! Rexurde nos tempos oitocentistas. Loitando contr'os franceses. Pro o rexurdimento faise en galego, volvendo despóis de tres séculos de telo esquencido, a falar as xentes sabidas da terra no noso idioma.

Galicia axuda a salvar a independencia española, empregando como bandeira o galego. Entonces non nacera aínda o rexonalismo nin o nazonalismo. Puido haber separatistas, e soio houbo españoles, mais españoles por sere moi galegos. Nascéu entonces a primeira afirmación galega: a oitocentista.

Nascéu agora a segunda e definitiva: a novecentista. As «Irmandades» quinientistas regaron c'o seu sangue os campos da nosa terra, atopando na Frouseira a súa morte. As «Irmandades» novecentistas enchen d'ideais os cerebros da xuventude; ateigan d'amore os corazóns novos. Unha guerra que poido chamarse europea, a napoleónica, dóunos o senso fecundo da nosa persoalidade. Outra guerra a mundial d'agora—alumea o problema da liberdade dos pobos.

Como en Irlanda, érguete e anda.

Así cantóu Brañas. E as súas verbas teñen oxe tod'a sinificación que o poeta quixo darlles.

O noso idioma, o idioma que fixo un século d'ouro nos tempos de Xelmírez, cando as brétemas mestas da edá meía trocaban o mundo n'unha noitebrá imensa, é o idioma da liberdade. Galicia falaba en galego cando sintéu as primeiras arelas democráticas en loita c'o feudalismo e a teocracia, na época dos Reises

Católicos. Rompe a falar en galego cando, pol-o honor da raza, axuda ó esnaquizamento das águilas napoleónicas. En galego fala tamén cando a revolución do 68, cando o ausolutismo quere abafar ós pobos, sellando c'o sangue dos mártires de Carral unhas xornadas lumiosas. E en galego, derradeiramente, espóndend'o propio fogar e dende Barcelona, pol-os labios dos apóstoles do galeguismo, os seus problemas esenciaes. ¡Maxinades a futura revolución da terra, a que anunciaron os bardos, a que ven xermolando no seo das sociedades agrarias, a que poñerá n'estreita armonía a cidade e o campo, d'outro xeito que n'o xeito galego?

Aquela estrelíña que brila ó lonxe —¡oh Cabanillas!—; aquela estrelíña que axiña se trocará en fogueira, é coma agoiro da boa nova que fará irmáns libres n'un pobo libre a todol-os galegos.

¡Santo idioma, idioma inmortal, que conquiréu unha hexemonía lírica na península, nos tempos en que o fulaba o Rey Sabio! ¡Santo idioma, idioma inmortal, pol-o que a nobre Lusitania nos tende os seus brazos irmáns dicíndonos que para él inda pode haber unha nova hexemonía novecentista! Que tanto galaico-portugués como castelán se falará logo n'América... Que o galaico-portugués, o castelán e o inglés son tres idiomas chamados a loitar por superárense no Novo Mundo. E virá un forte pangaleguismo traguendo a lus pr'á caduca Iberia.

Quen arreneque do galego, forzosamente é un escravo ou madeira de escravitude. Ningún señor, en senso futurista ou en senso tradizionalista, pode deixar d'amare o noso idioma.

A. VILLAR PONTE.

NOSOS POETAS

OS PINOS

Na amabre soedade das risoñas campías, cando os meus tristes ollos ven os pinos lanzales, no meu peito despertan brancas melanconías e mais doces saudades de outros pasados días. Y-os seus rumores son acordes celestiales na amabre soedade das risoñas campías.

Eu coïdo ver un bardo de nobre cabeleira que move docemente o vento queixumoso en cada longo pino que sobe na escaleira da súpeta montana que bica a borraxeira. Ollando para un pino, no serán bretemoso, eu coïdo ver un bardo de nobre cabeleira.

El rescende millore que o gran botafumeiro que cruza as naves da catedral santiaguesa; o seu perfume corre, coma un rego algueireiro, pol-a frorida túnica do agarimoso outeiro e pol-os laberintos da embrollada debesa. ¡El rescende millore que o gran botafumeiro!

Tecelán inconsciente da nosa poesía, no tear da beleza traballa sin cesare con notas de fontenla e fios de armoñía, que treman nas rayolas do lumiar do día. Por eso amamos todos teus máxicos cantares, tecelán inconsciente da nosa poesía.

GONZALO LÓPEZ ABENTE.

Peneirando...

PICORETE, volve a facel-o ridículo. Santo pai da cursilería, coïdábamolo morto de ves.

Mais non, inda vive. Inda pensa en facer rir de novo ás xentes.

Despóis de térese enterado de que Moreira e Galicia pidira unha pensión pr'ás fillas de Rosalía, él—por enxergar o seu nome n'unha obra boa na que non toca pito nin flauta—, pilla a pruma de ganso e pon telefonemas a tod'o mundo. A Maura, a Dato, a Besada, a García Prieto e... ô Pai Eterno.

Coma presidente do «Circo d'Artesanos», coma presidente do Instituto d'Estudos Galegos...

¡Vichedes persoaxe máis semellante a algú d'Eça de Queiroz?

¿Onde está ese Instituto d'Estudos Galegos? Non sabemos porque non falou tamén no nome do Centro Americanista.

¡Que cousa tan chistosa!

Picorete, archivóu, sendo alcalde, total-as iniciativas maxinabres. Quen faiga algo, é tributario do seu pensamento.

Picorete, axuda de cámara da inmortalidade, cando s'honra a algunha gloria galega, fai que o seu nome figure ô marxe do homenaxe.

E logo, inventa centros especiaes, pra tere dreito a estar sempre no candeiro.

—¿Quén se finóu oxe?—pregunta.—¿Labra? Pois mandaremos un telefonema firmado por Picorete, presidente do Centro Americanista.

¿Que representaciós de total-as minorías apoyan a demanda d'unha pensión pr'ás fillas de Rosalía?

Pois Picorete, no nome do «Circo» e do Instituto d'Estudos Galegos, pon no ridículo ôs diputados de Galicia e pídelles a Figueiroa que os axunte.

¡Adéus, xeneralísimo Picorete!

Por certo que n'este mesmo asunto o alcalde, Abad Conde, tamén fixo o ridículo con outro telegrama.

O M. do Orzán, xornal que xuntamente con certos elementos d'unha sociedade cruñesa creóu o ambiente de fonda cursilería que respiramos de cando en cando, é un home moi chistoso.

Fala mal do proxecto d'electrificaci3n de Porto Paxares nos seus artigos, e logo ten que votal-o no Congreso. Ten que dicir «si» como Dato ll'ordena. ¿Queredes maior escravitude?

Máis no pecado leva a penitencia. Iso de que, presumindo de brillante xornalista, lle non deixasen pôr o seu nome na proposición pr'ás fillas de Rosalía, que firman literatos...

Non se poden ter certas fachendas.

¡Vérese posposto por Seoane!

¡Ai, Voltaire, como fica no ridículo o volteriano que usa o nome d'un persoaxe teu comaseudónimo!

Qué vergonza pra Galicia a de que teña que subsanare o Estado o criminal esquecemento dos gallegos co'as familias d'aqueles que lle donaron gloria.

(10 FOLLETÓN DE «A NOSA TERRA»)

Nosos problemas educativos

Conferenza lida pol-o seu autor o docto catedrático i-entusiasta irmán Don JOHAN VIQUEIRA

exige que se creen entre nós organismos encargados de estudar os problemas educativos da nosa terra; organismos que comenzando pol-a iniciativa individual rematen por ser oficiaes. Lembrémonos sempre do carácter experimental que n'un comenzo deben ter taes instituci3ns. Canto de novo e d'interesante surgirá o día en que iste noso proxecto se realice e se estuden as realidades pedag3gicas do noso pobo e sobr'elas se eleve un cúmulo de eficaces reformas!

X

Moitos problemas fican por tratar, máis pra agora abóndanos co-o dito. S3mte ocupareime aínda d'as características da nova educaci3n galega e da súa relación co-o language.

Plat3n, pra salvar á Grecia que afondaba na decadencia, no seu grandioso diálogo a «República» ou «O estado» esperaba todo

d'unha nova educaci3n. Fichte, moitos séculos despóis, no meio da crisis d'as guerras napole3nicas, n'os seus patri3ticos discursos á naci3n alemana, esperaba d'unha nova educaci3n a renovaci3n da vida do seu país. Esta perdurante preocupaci3n d'os grandes pensadores, móstranos como o progreso e a adaptaci3n ao tempo d'unha educaci3n é esencial ao progreso e vitalidade d'un pobo. Nós da mesma maneira esperamos d'unha nova educaci3n a renascenza do pobo galego.

¿Cales son as características d'esta nova educaci3n? Foron ja espostos en parte na ocasi3n de cada un dos problemas que nos ocuparon. Agora convén expol-os en unidade. Cobizamos c'a nosa educaci3n espertar e cultivar todas as posibilidades da raza; é dicir a nosa educaci3n será (a) unha educaci3n de vida, de iniciativa e de persoalidade. Canto máis fortes máis personales, máis capaces de iniciativa os individuos son, máis fácil é que trunfen no mundo. Pol-o tanto non será unha educaci3n mecánica, libresca e pasiva. Pensaremos sempre (b) na acci3n onde s3 se forma a persoa na súa maor potencialidade; s3 producindo se vive e s3 vivindo se d'aprende a vivir. Non se me diga

que o neno non pode producir; todos podemos crear desde o neno de escola até o máis profundo matemático. Esto e un feito de Psicología. Nosa educaci3n si é vital será (c) fonda, radical, terá ante sí a total vida do individuo; non será como a actual, superficial e fraccionaria que se figura todo está feito cando se graban a un rapaz na memoria catro coñecimentos e catro hábitos. Nosa educaci3n será (d) ideal, esencialmente idealista porque sen ideal a vida perde o seu valore, esmorece, e morre. A exigencia d'unha tal educaci3n existe hoje en todos os países e n'algúns háchase en parte realizada. Non podemos ficar retardados. S3 esta educaci3n será capaz de transformar o estado lamentable da nosa juventude, s3 esta educaci3n creará generaci3ns cheias de ideal, barudas, que traballen pol-a prosperidade da súa terra, pol-a súa liberaci3n e os grandes ideaes da humanidade. D'ela surgirá a riqueza da industria, o comercio florecente, a agricultura no seu máximo esplendore, nosa mariña cruzando os mares que sempre foron nosos, nosa cultura iluminando o mundo, noso nome en todas partes respetado! Glosando unhas palabras de Goethe, diréi que ela fará surgir. «N'unha

¡Qué vergonza a de que a viuda de Cirici Ventalló—un humorista de carto orden—puidese coller moitos miles de pesetas d'unha suscripción feita nos xornás e en troques morra de fame, vivindo de mala maneira, a honrada viuda do xenial Víctor Said Armesto!

¡Galicia padre, Galicia pidichona, Galicia homilde, Galicia sin esprito ni persoalidade, ¡ai de tí se non te salvan os galeguistas!

Pra Xulio-Camba—meigas foral—, irmán d'aquel outro *suxetino* que tan ben coñecemos todos, *unha nación faise o mesmo que calquer outra cousa*, según se lê n'unha crónica publicada no xornal *El Sol*. A fe que non nos eistrana tal afirmazón. O *socio* no-

meado debe coídar, ollando o seu prestixio d'humorista (?), qu'unha nazonalidade é algo eisl como a súa sona, poñamos como exemplo de cousa fácilmente fautibre, e.. d'aquella, non nos sorprende o seu dito. E o máis natural.

Unhas eleucióis parciaes en Ourense. Un trunfo máis da xenocracia incivil, do nepotismo noxento. Máis iso non nos da frío nin calor. A obra revolucionaria da salvazón de Galicia temos de faguela nós soios, con diputados ou sin diputados que nos representen no paso da gran farsa parlamentaria; con minorías afíns dentro do mesmo, ou sin elas.

Galicia ten de xurdire pol-o soio esforzo

de todol-os qu'eiquí, dentro da terra patria, loitamos.

Axiña se pechará o galiñeiro nazonal, vulgo Parlamento. Galicia non puido ollar como traballaban pol-a defensa dos seus intereses os que se chaman repersentantes seus.

Elo é moi eispricabre si se ten en conta qu'os que tal se chaman apenas si se repersentan a sí me-mos. Son tan soio os repersentantes d'unhas cinco ou sete castas entronizadas no país, castas que d'él viven zugando sin acougo.

¡Como nós non traballemos pol-a nosa conta, amañados estamos!

LIT. E IMP. ROEL.-CORUÑA.

¡GUERRA AOS CALLOS!

Callos, sabañós e ollos de galo cúranse co

Bálsamo Oriental

Premiado con Medalla d'Ouro na Exposición de Buenos Aires

Fabricantes: Prudencio López e Fillo - Jerez. Repersentante: Manuel Sánchez - A Cruña.

De venta n'as boas Boticas

ICANAS A FORAI

Cos productos premeados con Medalla d'Ouro en Buenos Aires e adoutados pol-o mundo enteiro

Aceite del Serrallo

- y -

La Jerezalina

DE VENTA EN TODO O MUNDO

Únicos fabricantes: PRUDENCIO LÓPEZ E FILLO - Jerez.

Repersentante: MANUEL SÁNCHEZ - A Cruña.

GRAN FONDA

Las Cuatro Naciones

San Andrés, 102.—A CRUÑA

O novo dono d'ista fonda, no seu deseio de mellorar o trato aos señores viaxeiros, fixo grandes reformas.

Xántase ben, e os precios están o alcance de todos.

Gran Café Méndez Núñez

REAL, 83

O máis perferido e de maor comodidade pr'ò púbrico. O máis confortabre da Cruña. Servizo preferente. Artigos garantizados de toda-las marcas.

GRANDES CONCERTOS DIARIOS

pol-as mellorés agrupazóns musicaes
:: :: españolas i-eistranxeiras :: ::

Gran salón de billares no local que ten o cardón na rúa da Marina

IRMANS:

Probade o rico **VIÑO LÁGRIMA**, que sómente o vende

A Tacita de Prata

Rúa Galera, esquina á Fonte San Andrés

A CRUÑA

HOTEL CONTINENTAL

Castelar, 8 e Olmos, 28

O MELLOR SERVIZO

- DE -

M. Losada e Fillo

A CRUÑA

FRÁBICA MECÁNICA

:: DE CALZADO ::

- DE -

ANXEL SENRA

RÚA XUAN FLÓREZ

Depósito: Cantón Grande, 15

A CRUÑA

Faise cárrego de toda cras de traballos gráficos, en imprenta, litografía e fotograbado, así coma sellos de caucho

A Papeleira Galega

FRÁBICA DE BOLSAS DE PAPEL

DE TODAS CRAS

BARREIRA, 7

FOTOGABADO

A CRUÑA

Teléf. 434

Os viños e coñas millores son os qu'eisporta a casa de PEDRO DOMECCO, de *Xerez da Fronteira*, fundada en 1730. A casa máis antiga de Xerez.

O vermouth máis selecto de mundial e de reconecida sona é o CINZANO (*Torino*).

O Anís do Mono

é un eispréndido licore sin rival

Pra viños de mesa

non hai outros com'ós dos cosecheiros eisportadores Sres. R. LÓPEZ DE HEREDIA (Haro). Casa central: *Pazo da Equitativa*.—MADRID.

REPRESENTANTE EISCUSIVO (matriculado) de todas istas marcas:

José C. Juncosa

Galera, 39 e 41 - 2.º piso.—A CRUÑA

FILLOS DE A. BARCELÓ (S. en C.)**MÁLAGA**

Cosecheiros, esportadores de viños seleitos da España, oxén, anisados, ron, coñac, etc.

Son os únicos donos das marcas de moito creto e sona chamadas

ANÍS DOUS MONOS**RON LA LUCÍE****OXÉN SUPERFINO**

Pra encargos, na Cruña, rúa do Orzán, 144

Automovilistas:

As mais fortes, millores e mais económicas cubertas, son as

PALMER

Depósito xeneral en Galicia.

Real, 20 -- A Cruña**NAZONALISMO GALLEGO**

A NOSA AFIRMACION REXIONAL (2.ª EDICION)

Libriño ben imprentado nos modernos talleres da «Voz de Galicia» con xuícios e opinións de Rodrigo Sanz Porteiro, Banet, Fontenla, Calvo, Casares, etc., per Antón Villar Ponte.

Véndese a 50 céntimos.— Os pedidos faránse ó autor, no Rego d'Auga, 4-1.º — Cruña. — Os suscritores d'iste boletín poderán adquirilo á metade do prezo sinalado.

Fábrica de Gorras**SOMBREIRERÍA**

DE

Lois Fernández Vieites**San Andrés, 69-71 — A CRUÑA****OBRAS NOVAS DE AUTORES GALEGOS**

LINARES RIVAS: *Cuentos de amor y de amores*, 3'50 ptas.— A. REY SOTO: *La Loba*, 2 id.— W. FERNÁNDEZ FLÓREZ: *Silencio*, 3'50 id.— A. PÉREZ LUGÍN: *La Casa de la Troya* (7.ª edición), 4 id.— SOFÍA CASANOVA: *De la revolución rusa en 1917*, 3'50 id.— REY SOTO: *Cuentos del Lar*.

Véndense n'a librería de P. CUE & C.ª

Rúa Real, 49.— A CRUÑA

H. LA PALOMA

— DE —

Ramón Morandeira

Este espréndido establecemento, situado no mais céntrico da poboación, axeitado á outura dos millores da súa cras, conta con espazosas e aireadas habitazons, boa e abundante mesa, un servizo puntual i esmerado, e asistencia facultativa pol-o enxebre e renomado doutor A. Otero.

Fonte de San Antón, 20 - Santiago

LEUTORES:

Quen queira ter un traxe bôo e xeitoso, e que lle coste pouco diñeiro, qu'ô faga na xastaría de

Xosé Varela**CIRCO, 16-BAIXO — VIGO****Consultorio Médico-Quirúrxico****J. Lastres**

Consulta e tratamento d'as enfermidades en xeneral
ESPECIALIDAES

Pel, (incruso câncer, lepra, lupus e úlceras atónicas).— *Peito*, *Estómago*, *Anemia*
Reumatismo, *Artritis deformantes*
Neuralgias, *Arterio-esclorosis*
Paralísis

Electroterapia, Aeroterapia, Sueroterapia, Análisis
RAYOS X

Gabinete Fisioterápico: Consultas de 10 a 12

Tratamentos á prezos e horas convencionaes
Non se fai asistencia ós fogares

Praza d'Ourense, 2-1.º (esquiña a Picavía)

A CRUÑA**FARMACIA «A SILVA»**

Produtos nazonaes i-estranxeiros

Ortopedia en xeneral

DEPÓSITO

do Purgante ideial xaponés *Nazarnorima* (puramente vexetal) e do Selo analxésico *Gimen*.


N'esta casa háchanse á venda os *Produtos químicamente puros* do acrétao Laboratorio de *Gonzalo Formiguera*.

GARÁNTANSE OS PREPARADOS

Silva d'Abaixo, 17 A CRUÑA**Waldo Losada****Rego d'Auga, 44**

Anís **INFERNAL**.
Rhun **TRINIDAD**.
Xinebra Inglesa «Old Tom Gin» **TIGRE**.

Venta de viños ao por maior de todas as rexións de España.

**COMPAGNIE GENERALE TRANSATLANTIQUE**

VAPORES CORREOS DE GRAN VELOCIDADE

SERVICIOS DIREITOS DENDE O PORTO DA CRUÑA

LINEA DE HABANA E VERACRUS

Prezo en terceira â Habana	Ptas. 298'60
» » Veracrús.	» 313'60

Facilitanse billetes de ferrocarril da Habana a Santiago de Cuba pol-o prezo de Ptas. 35.

Os emigrantes e todol-os equipaxes, son levados a bordo por conta da Compañía.

Para toda clás d'informes sóbor de datas de saída, precios do pasaxe e tipos de flete, dirixirse ó seu Consignatario

D. Nicandro Fariña

Rúa de Compostela, esquina á Praza de Lugo

NOTA. — Quedan sin efecto total-as tarxetas de visita, pois non se deixa entrare a bordo.